

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2018 DO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA” CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 11:20 horas do día 6 de abril de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación nomeados para o contrato do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA”, que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, interventora acctal., Municipal.
- D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal.
- Dna. Belén Louzao Vieites representante do PS de G-PSOE.
- D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG

Non asiste:

- Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.

-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Sr. Presidente indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión mantida o día 23 de marzo de 2018, na que se procedeu á apertura do sobre A (documentación administrativa) detectándose que a empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., non presenta a declaración de empresas vinculadas e a empresa DENUENO PUNTO CREATIVO S.L., presenta un soporte dixital CD no que non se visualiza a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na Cláusula 8, sobre A (documentación administrativa) do PCAP.

A Mesa considerando que se trata dunha omisión emendable, acordou requerirlle ás citadas empresas para que, no suposto de que seguisen interesadas neste procedemento, aportaran as indicadas declaracións, para o que se lle concedeu un prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do requirimento, de conformidade co establecido no PCAP.

Pola Secretaria acctal., pónse en coñecemento da Mesa de que a empresa DENUENO PUNTO CREATIVO S.L., recolleu o requirimento o día 23/03/2018 e presentou correctamente a subsanación o día 23 de marzo de 2018, tal e como consta no expediente e polo tanto dentro de prazo, polo que continúa neste proceso licitatorio.

En canto á empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., envióselle mediante notificación electrónica o escrito de requirimento o día 23 de marzo de 2018, tal e como consta no expediente. A citada empresa non accedeu ao seu contido dentro do prazo legalmente establecido, polo que de conformidade co artigo 43.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas enténdese como rexeitada. Sen embargo presenta un sobre rexistrado de entrada no Concello o día 27 de marzo de 2018 co nº 2018-E-RC-2705 que contén a documentación subsanada.

A Mesa, tendo en conta o estipulado na cláusula 13.-APERTURA DAS PROPOSICIONS, do PCAP que entre outras cousas di: *“Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicaraos ós interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles ós licitadores para que corrixan ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación”*, considera que ao non terse recibido a comunicación polo interesado non se iniciou o cómputo do prazo de tres días para que subsanase, polo tanto a Mesa acorda por unanimidade considerar a documentación presentada pola empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., fóra de prazo e como consecuencia acorda a súa exclusión desta licitación.

A continuación e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e xa en acto público de conformidade co anunciado no Perfil do Contratante, continúaase coa apertura do sobres B (Oferta), das empresas que continúan nesta licitación, obténdose o seguinte resultado:

BAYGAR S.L.

		Puntos
Oferta económica: Tipo de licitación: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 2.722,50 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	56,70
Rebaixa no Prazo de entrega	10 días	2,50
Aumento do prazo de garantía das marquesiñas	0	0
OFRECE MELLORAS	SI	20
TOTAL		79,20

-MOBILIARIO URBANO MARLO S.L.

		Puntos
Oferta económica: Tipo de licitación: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	Prezo unitario: 2.692,25 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	57,33
Redución do prazo de entrega	20 días	5
Aumento do prazo de garantía das marquesiñas	12 meses	1,25
OFRECE MELLORAS	SI	20
TOTAL		83,58

-PROSEÑAL S.L.U.

		Puntos
Oferta económica: Tipo de licitación: Prezo unitario:	Prezo unitario: 2.781,79 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE	55,49

2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	engadido.	
Redución do prazo de entrega	4 días	1
Aumento do prazo de Garantía das marquesiñas	36 meses	3,75
OFRECE MELLORAS	NON	0
TOTAL		60,24

-ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.

		Puntos
Oferta económica: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 2.640,72 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	58,45
Redución do prazo de entrega	35 días	8,75
Aumento do prazo de garantía das marquesiñas	42 meses	4,38
OFRECE MELLORAS	SI	20
TOTAL		91,58

-ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.

		Puntos
Oferta económica: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 3.339,60 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	
Redución do prazo de entrega	20 días	
Aumento do prazo de Garantía das marquesiñas	4 anos	
OFRECE MELLORAS	SI	
TOTAL		-----

-DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L.

		Puntos
Oferta económica: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 2.572,58 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	60
Redución do prazo de entrega	40	10
Aumento do prazo de Garantía das marquesiñas	96 meses	10
OFRECE MELLORAS	SI	20
TOTAL		100

-BRICANTEL ESPAÑA S.L.

		Puntos
Oferta económica: Prezo unitario: 2.783 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido. (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 2.776,95 euros (IVE incluído) ata un máximo de 83.490 euros IVE engadido.	55,58
Redución do prazo de entrega	0	0
Aumento do prazo de garantía das marquesiñas	12 meses	1,25
OFRECE MELLORAS	NON	0
TOTAL		56,83

A Mesa acorda non efectuar as valoracións correspondentes á oferta da empresa ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U., por sobrepasar a súa oferta o tipo de licitación, de conformidade co establecido no artº 84 do Regulamento Xeral de Contratación e polo tanto procede á súa inadmisión.

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación, a favor da empresa DENUEVO PUNTO CREATIVO S.L. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a)A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuir mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b)b)Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c)Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as doce horas e cinco minutos do día do seu comezo.